



Concello de Palas de Rei

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/3	O Pleno

**Celestino Amigo Liñares, EN CALIDADE DE SECRETARIO DESTE ÓRGANO,
CERTIFICO:**

Que, na sesión desenvolvida o 10 de marzo de 2020 foron adoptados os seguintes acordos:

Expediente 122/2020. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos

Recoñecemento extraxudicial de créditos.

Dáse conta da relación de facturas e liquidación por asistencias a tribunais en 2019, que se incorporou ao expediente da súa razón.

Dáse igualmente conta dos Informes do Interventor e mais do Secretario, en sentido favorable, xunto coa proposta de resolución que se incorporou ao expediente.

DEBATE E VOTACIÓN:

O concelleiro Horacio Rouco avanza a abstención do seu grupo por simple coherencia coa postura manifestada no pleno anterior. Insiste en que é moi importante coidar de que se presenten as facturas dentro dos prazos legalmente

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015





Concello de Palas de Rei

sinalados e que se advirta desta circunstancia aos provedores, para evitar esta situación na medida do posible.

VOTACIÓN.

O Presidente somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7 (grupo do PP)

Votos en contra: 0

Abstencións: 3 (grupo do PSOE)

Consecuentemente, o Presidente declara aprobado o seguinte

ACORDO:

Visto o expediente instruído para o recoñecemento extraxudicial de créditos (Expediente nº 122/2020) e os informes económico e xurídico que no mesmo se conteñen, o Pleno, por maioría, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o recoñecemento dos créditos que se relacionan en listaxe anexa e que se transcribirán no correspondente acordo do Pleno, correspondentes a exercicios anteriores, por un importe total de 14.983,02 euros.

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2020 (prorrogado do exercicio 2019), os correspondentes créditos ás partidas de gasto correspondentes.

Expediente 184/2019. Alteracións de Bens

Aprobación inicial de inicio de desafectación de camiño en Vilaseño.

Dáse conta das actuacións seguidas no expediente número 184/2019, para a desafectación do camiño público sito en VILASEÑOR - MOSTEIRO - PALAS DE REI, nomeadamente do Informe técnico que contén a grafía e descrición do camiño e acredita a posibilidade e oportunidade da desafectación pretendida así como do informe proposta da Secretaria, á que se lle dá lectura.

Non se producen intervencións.

VOTACIÓN

O Presidente somete directamente o asunto a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10, o que supón a unanimidade dos asistentes.

Consecuentemente, o Presidente declara aprobado o seguinte

ACORDO:

Visto o expediente instruído para alteración da cualificación xurídica de bens de dominio público (número 184/2019) e a documentación incorporada ao mesmo, o Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica do camiño público sito en Vilaseño, Mosteiro, Palas de Rei, con referencia catastral 27040A108090310000HK, pasando de ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO. Publicar este Acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo de un mes, para que durante este período se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 6FCNFE4M2WCH5DT5P23ANLHTL | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello de Palas de Rei

Expediente 31/2020. Procedemento Xenérico

Aprobación da persona encargada da praza de Xuiz de Paz do Concello de Palas de Rei.

Dáse conta do expediente 31/2020, referente á elección de xuíz de paz titular deste municipio.

O Secretario informa das solicitudes presentadas dentro do prazo establecido conforme ao anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia:

— Núm. de rexistro de entrada: 2020-E-RC-292. Nome e apelidos: Manuel José Vázquez Pacín.

Seguidamente, dáse lectura ao informe do mesmo Secretario, que contén a correspondente proposta de resolución.

DEBATE

D. Horacio Rouco manifesta o acordo do seu grupo político coa proposta, se ben agradecería unhas palabras da persoa proposta sobre o interese en desempeñar o cargo de xuíz de paz.

D. Fernando Pensado desexa expresar publicamente o agradecemento ao Xuíz de Paz pola súa dedicación e puntual cumprimento das súas obrigas, destacando que acude diariamente ao Xulgado conciliando as súas obrigacións familiares.

O Alcalde desexa igualmente expresar o agradecemento e recoñecemento da dedicación e total dispoñibilidade ao candidato que se postula para renovar o cargo, D. Manuel José Vázquez.

D. Horacio Rouco recoñece que en verdade o xuíz merece sobradamente a gratificación que recibe polo desempeño do cargo.

O Presidente somete o asunto a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 10, o que significa a unanimidade dos asistentes.

Consecuentemente, declara aprobado o seguinte

ACORDO:

Visto o procedemento instruído para a elección e proposta de nomeamento de xuíz de paz titular do municipio de Palas de Rei, o Pleno, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Elixir e propoñer a Manuel José Vázquez Pacín con NIF 3381427A, domiciliado en Pidre, para que sexa nomeado Xuíz de Paz titular de Palas de Rei, por reunir os requisitos da convocatoria para esta praza.

SEGUNDO. Dar traslado do presente Acordo ao Xuíz de Primeira Instancia e Instrución do Partido Xudicial de Chantada, que o elevará á Sala de Goberno tal como sinala o artigo 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Sorteo de mesas eleccións

Sorteo de membros das mesas electorais.

Conforme ao previsto na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, procédese ao sorteo público para designar as persoas que deben formar parte das mesas electorais que se constituirán con motivo da celebración das eleccións ao

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015





Concello de Palas de Rei

Parlamento de Galicia o día 5 de abril de 2020.
Procédese a realizar o sorteo mediante o sistema automático que xestiona a aplicación informática oficial de que se dispón neste concello. Seguidamente, e tras dar público coñecemento dos resultados, confecciónanse as listaxes nas que se relacionan as persoas elixidas para os respectivos cargos, incluídos os suplentes, todo elo conforme ás disposicións legais de aplicación.
Incorpórase a listaxe completa e auténtica ao expediente da sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Palas de Rei

Avda. de Compostela, 28, Palas de Rei. 27200 (Lugo). Tfno. 982380001. Fax: 982374015



Cod. Validación: 6FCNF64M2WC4H5DT5P23ANLHTL | Corrección: <https://palasderei.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4